

As mulleres e a vellez.

O seu papel socioeconómico na Galicia de fins do Antigo Réxime

HORTENSIO SOBRADO CORREA

Universidade de Santiago de Compostela

No transcurso dos tempos as mulleres sempre desempregaron un importante papel social e económico nas súas comunidades, que a miúdo tiña continuidade ó longo de todo o seu ciclo vital¹. Tanto no mundo rural como nas cidades, a muller mantivo unha secular participación activa na economía familiar², -fundamentalmente no ámbito doméstico, pero tamén fora del-, así como un importante papel socializador e educador no seo das súas comunidades³.

¹ M. J. Montilla e M. Ortega López (eds.), "El trabajo de las mujeres: siglos XVI-XX", en *VI Jornadas de Investigación Interdisciplinaria sobre la mujer*, Madrid, Univ. Autónoma de Madrid, 1996; R. Domínguez Martín, "Sobreexplotación, pluriactividad y movilidad femeninas: el trabajo de las mujeres en las economías campesinas del norte de España, siglos XVIII-XIX", en B. Villar García, *El trabajo de las mujeres. Pasado y presente*, Málaga, 1996.

² Sobre o notable esforzo produtivo desenrolado polas campesiñas galegas, e da súa continuidade no tempo, vid. L. Labrada, *Descripción económica del reino de Galicia*, 1971; E. Pardo Bazán, *La mujer española y otros escritos feministas*, Madrid, 1976, pp. 69 y ss.; P. Rovira, "El campesino gallego", en J. Antonio Durán (ed.), *Clásicos Agrarios. Alfredo Vicenti. Prudencio Rovira. Nicolás Tenorio. Aldeas, Aldeanos y Labriegos en la Galicia tradicional*, Madrid, 1984, pp. 149-202.

³ E. Muntañola Thornberg, "Antropología de las edades: la vejez", en F. García González (coord.), *Vejez, envejecimiento y sociedad en España, siglos XVI-XXI*, Cuenca, 2005, p. 218.

Neste traballo propoñémonos como obxectivo básico facer unha breve reflexión sobre o papel socioeconómico das mulleres nun dos períodos máis complexos do seu ciclo vital: a vellez, tomando como posto de observación o marco espacio-temporal da Galicia de fins do Antigo Réxime.

Introdución. O concepto de vellez no Antigo Réxime

Nas sociedades preindustriais o feito de acadar unha idade cronoloxicamente determinada e prefixada arbitrariamente non era o que realmente confería a un individuo o status de vello. O que se concibía por “ancián ou “anciá” por “vello ou vella” en ditas sociedades dependía en maior medida das concepcións culturais de cada pobo, polo que se era vello/a, por exemplo, cando se sobrevivía a todos os individuos da propia xeración, no momento en que se pasaba a ser dependente porque as forzas fraqueaban e xa non se podía traballar, ou cando segundo os valores culturais da colectividade, xa se adquiriu unha prolongada experiencia da vida. Ademais, no caso feminino, era corrente que se considerara a unha muller vella cando perdía a súa capacidade reprodutora.

Referíndose as idades da vida en Galicia, Vicente Risco sinalaba que “tampouco é tan doado determinar o lideiro da clás dos vellos. Dun xeito moi xeral, podemos considerar que un home chega a vello cando tén netos. Mais tamén vimos que ó acharse un home impedido pró traballo pono en certo respecto na condición de vello. É tamén, doutra banda, o costume de dicir polos pais: os vellos”⁴.

Polo tanto, a idade, lonxe de ser un concepto neutro nin estático, como construción social e cultural cambia e transformase ó longo do tempo⁵. Por iso, o proceso de envellecemento, así como as condicións de vida dos anciáns serán distintas en cada individuo, e tamén variarán notablemente dependendo dunha serie de factores tales como o seu sexo, clase ou nivel socioeconómico, a súa profesión, ou incluso a súa procedencia rural ou urbana⁶. Deste xeito, Frei Xoán de Pineda, nos seus *Diálogos familiares* (1578-1580), destacaba que “no se puede dar límites ciertos a estas edades humanas, por la diversidad de complexiones,

⁴ V. Risco, “Etnografía: cultura espiritual”, en R. Otero Pedrayo (dir), *Historia de Galiza*, Ed. Nós, Buenos Aires, 1962, T. I, p. 597.

⁵ J. M. Fericgla, *Envejecer. Una antropología de la ancianidad*, Barcelona, 1992, p. 59; F. García González, “Introducción: vejez, envejecimiento e historia. La edad como objeto de investigación”, en F. García González (coord.), *Vejez...*, p. 21.

⁶ P. Bourdelais, *Le nouvel âge de la vieillesse. Histoire du vieillissement de la population*, Paris, 1993, p. 11.

o de la tierra, o de los mantenimientos, o de los trabajos y pasiones con que unos envejecen más pronto que otros”⁷.

Consecuentemente, á hora de abordar o estudio da vellez no Antigo Réxime, hai que ser conscientes de que na sociedade da época, onde a esperanza de vida da poboación era tan corta⁸, en ocasións, os procesos de envellecemento dependían de máis factores que o da mera idade biolóxica, co que a barreira dos 50-60 anos como inicio da vellez pode resultar arbitraria, pois moitos campesiños ou membros das clases populares urbanas, tanto homes como mulleres, non chegaban a esa idade, converténdose xa entre os corenta e os cincuenta anos, e incluso moito antes, en vellos ou vellas prematuramente.

O desgaste físico que supoñían determinados traballos, como as duras labores nos campos, que tiñan que facer a diario os campesiños, unido ás precarias condicións de vida, as veces podían adiantar de xeito extraordinario os síntomas físicos propios da vellez. De feito, non resulta raro atopar na documentación, ou en descrições da época, alusións a homes ou a mulleres que a pesar da súa relativa xuventude cronolóxica, presentan un sorprendente aspecto avellentado. Así lle ocorría a un viaxeiro que no século XVIII ó seu paso pola zona rural francesa de Champagne, ó pararse a falar con unha pobre campesiña que ía polo camiño, se sorprende de que: “mirándola de cerca se le habrían calculado sesenta o setenta años, pues iba muy encorvada y su cara estaba arrugada y endurecida por el trabajo. Pero me dijo que sólo tenía veintiocho”. Este é un bo exemplo de como o concepto de vellez é relativo ó tempo, á época, o contexto, e incluso á cultura na que un vive e se desenrola. Pero nesta época ¿cando empezaba a vellez desde un punto de vista teórico ou oficial, si se quere?

A maioría das estimacións manexadas polos historiadores modernistas sitúan o inicio da “declinación” da vida a partir dos 40 anos, aínda que no ámbito demográfico e fiscal a barreira da vellez se emprazaba máis ben entre os 50-60 anos. Desde os corenta anos aparecen signos de declinar que se manifestan tanto no terreo sexual para as mulleres como no militar para os homes. Hai que ter en conta que na Idade Moderna o inicio da vellez nas mulleres relacionábase coa súa “idade sexual”, coa perda da súa capacidade reprodutora, polo que é a partir dese momento cando a Igrexa permite a cohabitación de mulleres con eclesiásticos en calidade de serventes⁹, ou ás mulleres vivindo soas

⁷ J. de Pineda, *Diálogos familiares de la Agricultura Cristiana*, BAE, 169, IV, Madrid, 1964.

⁸ F. Dopico y R. Rowland, “Demografía del censo de Floridablanca. Una aproximación”, *Revista de Historia Económica*, VIII-2 (1990), pp. 591-618.

⁹ Así, por exemplo, nas Constitucións Sinodais do bispado de Lugo de 1669, establececese que ningún clérigo teña na súa casa muller que non fose nai, irmán ou

"de sobre si"¹⁰; tamén é a partir dos corenta anos cando o Estado cesa de recrutar milicianos, ó considerar que xa non son aptos para o servizo das armas¹¹.

Desde un punto de vista demográfico o límite inicial situábase nos maiores de 50 anos, tal e como reflicten os censos de Aranda (1768) e Floridablanca (1787), que inclúen ós individuos con máis de 50 anos en un único grupo de idade, mentres que desde un punto de vista fiscal o Catastro de Ensenada consideraba como poboación activa a todas as persoas hasta os 60 anos, a mesma idade que sinala o *Diccionario de Autoridades*, de 1726-1739, como a do comezo da vellez¹². Pero tal e como quedou sinalado, unha cousa é a idade teórica ou "oficial" de comezo da vellez, e outra a idade na que na práctica a sociedade xa considera a unha persoa como vella.

O papel socioeconómico das mulleres anciáns

A documentación da época evidencia o feito de que na Galicia do Antigo Réxime, ao igual que noutras sociedades basicamente rurais, as persoas anciáns, tanto homes coma mulleres, continuaban tendo unha participación activa en moitos aspectos da vida cotiá, conservando un destacado papel económico, pero tamén un rol socializador do coñecemento, con grande transcendencia na propia subsistencia das explotacións agropecuarias, así como no mantemento e na difusión da cultura popular, a través do seu rol como gardiáns e transmisores da memoria colectiva¹³.

Non obstante, naturalmente, na Idade Moderna lonxe de imperar unha percepción totalmente idílica da vellez, esta constituía un momento da vida dos individuos, no que non faltaban as dificultades; pois tratábase dunha etapa do ciclo de vida moi complexa, na que a carencia de amparo familiar xerou

prima-irmán en segundo ou terceiro grado de parentesco, sendo de boa vida e fama "o las que por su edad, o vejez no lo son, en que se incluyan las de quarenta años arriba, que estas no serán sospechosas". ACL, *Constitucións Sinodais do Bispado de Lugo* (1669), Santiago, 1803, p.145.

¹⁰ Por exemplo, en 1767 nun Auto de Bo Goberno, o alcalde maior do Ferrol prohibía vivir soas a todas as mulleres menores de 40 anos residentes na praza, so pena dun mes de cárcere, e a expulsión da localidade. Cfr. Martín García, A., "Prostitutas, pobres y expósitos. Marginados y excluidos en el Ferrol de finales del Antiguo Régimen", *Sémata*, 2004, 16, p. 345.

¹¹ P. Saavedra, "Vejez y sociedad rural en la España moderna", en F. García González (coord.), *op. cit.*, p. 58.

¹² *Diccionario de Autoridades* (1726-1739), Ed. Facsímil, Madrid, 1984, 3 vols.

¹³ H. Sobrado Correa, "Vellos e "mozos vellos". El papel socioeconómico y cultural de la vejez en la Galicia de la Edad Moderna", *Sémata*.

situacións delicadas de soidade e de pauperización, especialmente no caso das anciáns solteiras e viúvas¹⁴.

Hai que sinalar que nas sociedades preindustriais debido á inexistencia de sistemas de seguridade social públicos, as xentes tiñan un gran medo a que as forzas para traballar lles faltasen na vellez, pois con elo comprometíase a súa subsistencia, e a das súas familias, ó tempo que se complicaban as garantías de amparo nos derradeiros anos das súas vidas. No Antigo Réxime, especialmente no mundo rural, accedíase moi cedo ó traballo e continuábase hasta que as posibilidades físicas o permitían, polo que, en realidade, e a diferenza do que ocorre na actualidade, non existía unha idade de xubilación previamente estipulada, senón que o momento do retiro dos xefes de familia dependía da capacidade laboral da familia, aínda que normalmente trataban de apurar todas as forzas hasta o derradeiro suspiro, prolongando a independencia física tanto como era posible¹⁵, contribuíndo á vida familiar, coidando ós netos, facendo labores domésticas, e na medida do posible, mantendo a súa participación nas tarefas das explotacións agropecuarias.

As descripcións da época e as fontes que aportan información de carácter cualitativo reflicten dita realidade. Así, por exemplo, Diego Antonio Zernadas e Castro, o célebre crego de Fruíme (A Coruña), destaca nun dos seus versos como na Galicia do século XVIII a idade non era un eximente para o traballo nos campos, posto que todos os membros da familia colaboran nas labores diarias, incluídos os nenos e os membros máis vellos da casa:

En Galicia, á la verdad,
muy poco melindre se usa,
nadie el trabajo rehusa,
no reyna la ociosidad:
no hay esenciones de edad,
no se come el pan en hueco,
trabajando á puño seco,
por Dios, el Rey y el Estado,
aun el viejo mas cascado,
y aun el niño mas enteco¹⁶.

¹⁴ S. M. Rial García, "Solás y pobres: las mujeres de las ciudades de Galicia ante la marginalidad y la prostitución", *Sémata. Marginados y excluidos*, 2004, vol. 16, pp. 301-331.

¹⁵ S. R. Ottaway, "Providing for the Elderly in Eighteenth-Century England", *Continuity and Change*, 3 (1998), pp. 391-418.

¹⁶ J. M. Rivas Troitiño, *Diego Antonio Zernadas y Castro. Un precursor del galleguismo*, Santiago, 1977, p. 205.

Pero cuantificar o fenómeno do traballo de homes e especialmente das mulleres na vellez esa é outra cousa. Dado que na época as mulleres se atopaban emprazadas laboralmente na difusa fronteira entre o traballo doméstico e o traballo extradoméstico, aos historiadores resúltannos moi difícil facer visibles os itinerarios vitais das mulleres do pasado a través da documentación da época. A nivel metodolóxico, aínda que en principio a documentación fiscal podería constituír unha fonte moi útil de información para o estudo das actividades económicas das mulleres no Antigo Réxime ó longo do seu ciclo vital, e sobre todo para a medición estatística do traballo feminino; non obstante, o feito de que na meirande parte das ocasións, as actividades femininas escapaban ao control fiscal, fai que as sistemáticas omisións de información reduzan ostensiblemente as posibilidades de investigación do traballo das mulleres¹⁷.

De todos os xeitos, a pesar das súas limitacións, algunhas fontes fiscais como o Catastro da Ensenada de mediados do século XVIII, ofrecen datos de grande interese para o coñecemento dalgunhas cuestións relacionadas co papel económico das mulleres ó longo do seu ciclo vital. A tendencia do Catastro á ocultación do traballo remunerado das mulleres, non significa inactividade, nin moito menos, tal e como reflicten outras fontes complementarias, como as escrituras notariais (dotes, cesións, doazóns, inventarios, melloras, compra-vendas, censos, etc.), as fontes xudiciais, ou os textos normativos como as leis laborais. Tamén son útiles as ordenanzas de gremios profesionais, ou fontes de carácter municipal como as ordenanzas dos concellos, e as actas consistoriais das vilas e cidades, incluso as actas matrimoniais, etc., pois poden axudar a detectar as diversas actividades económicas femininas. Pódenos servir como exemplo o caso da cidade de Lugo, no que varias fontes, entre elas as de carácter municipal (ordenanzas e actas consistoriais) confirman a existencia de mulleres traballando como recateiras, panadeiras, ou tendadeiras, na cidade das murallas, cando o Catastro as silencia totalmente, e non rexistra a ningunha¹⁸.

¹⁷ O. Rey Castelao e H. Sobrado Correa, H., "Fiscalidad y actividades económicas femeninas en las ciudades del Noroeste español a finales del Antiguo Régimen", en *XXVI Encontro da Associação portuguesa de História Económica e Social (APHES)*, Universidade dos Acores, 17-18 novembro de 2006. Sobre a ocultación catastral do traballo feminino en núcleos urbáns e semi-urbáns galegos Cf. S. M. Rial García, "Las mujeres "solas" en la sociedad semi-urbana gallega del s. XVIII", *O.I.M.*, 1999, p. 187.

¹⁸ O. Rey Castelao e H. Sobrado Correa, H., "Fiscalidad...", *op. cit.*

Dado que o Catastro de Ensenada busca a imposición sobre as rendas do traballo e do patrimonio, ademais dos denominados libros de Interrogatorio ou de Respostas Xerais, destacan os libros de Persoais e os de Reais. Nos denominados libros de Persoais (de leigos e de eclesiásticos) aparece información sobre os compoñentes dos fogares, e o rendemento dos seus traballos. Aínda que para o estudo das mulleres, e sobre todo das mulleres anciáns, prantexa varios problemas metodolóxicos. Basicamente pódense destacar dúas limitacións fundamentais: en primeiro lugar, o Catastro identifica ó cabeza de familia case sempre con un varón, e salvo no caso de viúvas ou solteiras, a penas hai referencias a mulleres ó fronte dun fogar, coas consecuentes limitacións de información sobre as súas actividades económicas. Ademais, a diferenza do que ocorre cos homes, en moitos casos o Catastro non especifica a idade das mulleres cabezas de familia, tanto casadas como sobre todo viúvas e solteiras. Isto é especialmente recorrente en terras da antiga provincia de Lugo, tanto no rural como na súa capital, na cidade de Lugo. Naturalmente esta omisión de información limita o estudo da distribución das mulleres atendendo a grupos de idade, e concretamente no caso das mulleres anciáns.

En segundo lugar podemos contar coa información que aportan os denominados libros de Reais do Catastro, unha especie de inventarios de bens que posúe cada veciño, nos que se fai relación de todos os bens de cada fogar (casas, terras, gando, así como das rendas que se pagan, etc.). Trátase dun tipo de documentación que, entre outras cousas, nos pode aproximar ó mundo das mulleres propietarias.

No Noroeste peninsular as mulleres producían gran parte dos bens e servizos da familia no mundo rural, e, en moitos casos, a súa labor tiña continuidade ó longo das súas vidas, hasta o derradeiro suspiro¹⁹. A idade era unha variable que condicionaba notablemente, tanto no caso dos homes como das mulleres varios aspectos tanto da organización familiar como das actividades económicas desenroladas por cada quen. Coa idade cambiaban os roles familiares, e ademais, entre outras cousas, a idade condicionaba:

- 1) O acceso á xefatura do grupo doméstico
- 2) A dimensión, a estrutura familiar e o patrimonio dos fogares
- 3) A propia capacidade de traballar das persoas

¹⁹ R. Domínguez Martín, "Sobreexplotación, pluriactividad y movilidad femeninas: el trabajo de las mujeres en las economías campesinas del norte de España, siglos XVIII-XIX", en B. Villar García, *El trabajo de las mujeres. Pasado y presente*, Málaga, 1996.

1) O acceso á xefatura do grupo doméstico

Na Idade Moderna, no caso das mulleres, o acceso á xefatura do grupo doméstico é moi reducido con respecto ó dos varóns. En terras galegas os fogares aparecen comandados maioritariamente por varóns, aínda que as situacións poden presentar notables diferencias entre o mundo urbano e o mundo rural, así como dependendo das distintas comarcas.

Deste modo, nas parroquias do litoral occidental, na área meridional, así como en algunhas zonas de transición como a Terra de Montes (Pontevedra) as mulleres rexen arredor do 20-25% dos grupos domésticos²⁰. Pero hai zonas como á do Morrazo que acadan niveis moito máis importantes (33,6%)²¹, e vilas mariñeiras nas que máis de un terzo dos fogares poden aparecer comandados por mulleres –como ocorre en Bueu co 35,2%, en o Grove co 37,6%, e en Palmeira co 32,7%–. Factores relacionados coas costumes en materia sucesoria, a emigración masculina e o conseguinte desequilibrio sexual, ou a acusada mortalidade diferencial derivada das actividades pesqueiras, e sobre todo da prestación de servizos dos mariñeiros matriculados na Real Armada, así como unha economía máis dinámica que no interior permiten ofrecer maiores posibilidades de autonomía económica as mulleres soas; todo elo explicaría o importante nivel de agregados domésticos comandados por mulleres nestas vilas litorais²².

A medida que nos afastamos da costa e dos vales prelitorais da Galicia occidental, o peso das mulleres ó fronte dos fogares parece experimentar una progresiva baixada. Na zona de transición do litoral da costa coruñesa ao interior, na xurisdición de Folgoso, a porcentaxe de fogares que teñen ó fronte a unha muller descende hasta un 16,5%²³. No litoral e nos vales prelitorais da antiga provincia de Mondoñedo arredor dun 20,9% dos fogares aparecen

²⁰ C. Fernández Cortizo, *La Tierra de Montes en el siglo XVIII. Estructura, demografía y sistema familiar en una sociedad rural*. (Tesis Doctoral inédita), Santiago, 2001, t. II.

²¹ H. Rodríguez Ferreiro, *A Xurisdición do Morrazo. Séculos XVII-XVIII*, Vigo, Diputación Provincial de Pontevedra, 2003.


²² S. M. Rial García, *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna. La inserción de las mujeres en la producción económica rural y urbana*, Tese de doutoramento en CD-ROM, Universidade de Santiago, 2003; e *Las mujeres de las comunidades marítimas de Galicia durante la época moderna: una biografía colectiva*, Madrid, 2004, p. 52.

²³ F. M. Sandoval Vereas, *Un estudio de Historia local. A Xurisdición de Folgoso a finais do Antigo Réxime*. (Tesina de Licenciatura inédita), Santiago 1999; P. Saavedra, *Economía, Política y Sociedad en Galicia. La Provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Santiago, Xunta de Galicia, 1985.

comandados por mulleres²⁴, mentres que na montaña mindoniense os valores baixan ata un 13,6%.

Polo que respecta a Galicia interior, observase un comportamento diverxente entre as provincias de Ourense e de Lugo. Cara a 1752 Ourense presenta porcentaxes de grupos domésticos gobernados por mulleres en moitos casos superiores ó 20% (23,3% no Ribeiro, 23,8% en Celanova, 25,2% en Pobra de Trives, ou 31% no Bolo)²⁵. En contraste cos valores acadados noutras zoas de Galicia, e sobre todo na costa, no interior lucense só o 9,8% dos fogares teñen ó fronte a unha muller²⁶, mentres que nas montañas orientais en varias freguesías de Burón, Cervantes ou Navia de Suarna, non se chega a superar o 7%²⁷. Polo tanto, parece que a organización familiar da antiga provincia lucense, fronte á do litoral e prelitoral, e incluso á da provincia interior de Ourense, restrinxe de forma máis rixida a xefatura feminina do fogar, aínda que na práctica isto non signifique un menoscabo do verdadeiro poder das mulleres no seo dos grupos domésticos.

Porcentaxe de mulleres xefas de familia nas cidades galegas. 1752



Fonte: Elaboración propia cos datos de: Rial García, S., *Mujer y actividad económica...*, op. cit., pp. 384 e ss.

²⁴ P. Saavedra, *Economía, Política...*, op. cit.

²⁵ P. Saavedra, "Casa e comunidade na Galicia interior, c.1750-c.1860", en *Das casas de morada ó monte comunal*, Vigo, 1996, p. 51; D. Rodríguez Fernández, *A terra e as xentes. Nacer, vivir e morrer na comarca de Celanova ó longo da Idade Moderna*, A Coruña, 1999, p. 137.


²⁶ H. Sobrado Correa, *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 2001.

²⁷ P. Saavedra, *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad*, A Coruña, Ed. Hércules, 1991; "Casa e comunidade na Galicia interior, c. 1750-c.1860", en *Das casas de morada ó monte comunal*, Vigo, 1996, pp. 19-61.

As cidades constitúen un medio máis propicio para o establecemento da muller ó fronte dun fogar, posto que resulta máis fácil ter acceso ó mercado de traballo, a través do desempeño de distintos oficios autónomos (tampouco se debería esquecer a maior dispoñibilidade de institucións de caridade, ou a existencia dun mercado matrimonial máis dinámico que no rural)²⁸. Elo explica a maior proliferación de solteiras e de viúvas rexendo un grupo doméstico, tal e como se constata en 1752 en Pontevedra, en onde o 37,3% de los fogares está dirixido por mulleres, en Ourense co 28,5%, en Santiago de Compostela en onde a contía ascende ó 24,2%, en Mondoñedo –co 23,7%–, en Tui –co 23,2%– ou en A Coruña co 21,3%, mentres que en Lugo a porcentaxe de mulleres que exercen a xefatura dun fogar descende ó 16,3%.

Pero, as mulleres ademais de ter máis restrinxido que os homes o acceso á xefatura dos fogares, dito acceso soe ser tardío, a idades xa maduras, sobre todo no caso das viúvas. Non cabe dúbida de que na época a idade era a porta de acceso á autoridade, e no caso das viúvas este momento soía atrasarse aínda máis, coa morte do cónxuxe.

Idade das mulleres viúvas xefas de fogar. 1752




Fonte: Elaboración propia cos datos de: Rial García, S., *Mujer y actividad Económica...*, op. cit., p. 214.

²⁸ P. Saavedra, *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad*, A Coruña, Ed. Hércules, 1991.

Tal e como reflicte o gráfico anterior, en vilas mariñeiras galegas como O Grove, Bueu ou Palmeira, o momento de acceso das mulleres viúvas á dirección dos fogares sitúase claramente a partir dos 40 anos, cando xa se acusa a sobre mortalidade masculina, e o núcleo conxugal inicial se rompe, sendo máis acusada no tramo de idade de 50-59 anos.

Nas cidades parece observarse a mesma tendencia. Nos casos de Betanzos, Pontevedra e Santiago de Compostela, en xeral, pódese dicir que entre o 75-79% das viúvas autónomas teñen entre 40 e 69 anos, tal e como se pode comprobar no gráfico seguinte²⁹.

Distribución por grupos de Idade das xefas de familia viúvas. 1752




Do mesmo xeito, na cidade de Lugo, en 1860 (xa que para 1752 o Catastro de Ensenada non nos ofrece datos sobre a idade das mulleres), predominan de forma clara as xefas de familia de entre os 50 e 69 anos, fundamentalmente as viúvas, mentres que as solteiras a partir dos 30-39 anos tenden a ver reducido o seu peso ó fronte dun fogar, a medida que van ascendendo os grupos de idade; co que nesta pequena cidade episcopal da Galicia interior apenas existen grupos domésticos comandados por mulleres maiores de 70 anos (tan só 7)

²⁹ Fonte do gráfico: S. Rial García, *Mujer y actividad económica...*, op. cit., p. 405.

fronte a un número moito máis relevante de fogares aínda dirixidos por viúvas septuaxenarias (un total de 35).

Distribución por grupos de idade das xefas de familia na cidade de Lugo. 1860




Fonte: Elaboración propia, AHPL, Axuntamento, Padróns, Lib. 421.

2) A dimensión, a estrutura familiar e o patrimonio dos fogares

Polo que respecta á incidencia da idade na dimensión, tipo de estrutura familiar e patrimonio dos fogares, hai que sinalar que, en xeral, é unha realidade que os grupos domésticos tenden a aumentar de tamaño e a facerse máis complexos conforme crece a idade do cabeza de familia. Non obstante, no caso dos fogares rexidos por mulleres casadas, viúvas, e sobre todo solteiras, o tamaño tende a ser inferior o dos comandados por varóns, tal e como puxeron de manifesto no seu momento varias investigacións sobre a historia da familia galega de Antigo Réxime³⁰.

³⁰ Entre outras Cfr. Dubert, I., *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna*, A Coruña, 1992; C. Fernández Cortizo, *La Tierra de Montes en el siglo XVIII...*, op. cit., t. II.; P. Saavedra, "Casa e comunidade na Galicia interior, c.1750-c.1860", op. cit.; H. Sobrado Correa, *Las tierras de Lugo...*, op. cit.; S. Rial García, *Mujer y actividad económica...*, op. cit., pp. 137 y ss.

Tamaño dos fogares en Galicia segundo o sexo e estado civil dos/as xefes/as de familia. 1752




Fonte: Elaboración propia cos datos de: Dubert, I., *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna (Estructura, modelos hereditarios y conflictividad)*, A Coruña, 1992.

Tal e como se reflicte do gráfico anterior, en xeral, pódese dicir que na Galicia de mediados do século XVIII os fogares baixo xefatura feminina tenden a ser máis pequenos que a media total, e sobre todo os comandados por mulleres solteiras, que sempre tiñan unha dimensión menor que os das viúvas.


Pero non só o sexo e o estado civil condicionaban a dimensión familiar, senón tamén a estrutura de idade das xefas de familia. En cidades como Betanzos, Pontevedra ou Santiago, por exemplo, constatase como en 1752 o tamaño dos núcleos domésticos incrementábase hasta que a xefa de familia acadara os 30-39 anos, e logo vai descendendo progresivamente³¹. Aínda que dita tendencia mostrase fundamentalmente no caso das viúvas, porque nos fogares de solteiras a penas se ve dita caída. Entre as causas que explicarían isto está a morte do cónxuxe, a incapacidade económica das viúvas para constituír en torno a sí fogares máis amplos, ou o feito de que a propia lóxica familiar propiciaba que os fillos acabasen por independizarse e abandonar o fogar paterno.

³¹ C. Fernández Cortizo, "Estructura y composición del grupo doméstico en un medio urbano: Pontevedra a mediados del s. XVIII", en *Jubilatio*, t. I, Santiago, 1987.

Media de reses por explotación das xefas de fogar viúvas segundo a idade. 1752



Explotación media (en ferrados) das xefas de fogar viúvas segundo a idade. 1752



Ademais constátase como a idade é relevante como variable que condiciona a dispoñibilidade de recursos, tanto para o caso dos homes como tamén das mulleres. Dita tendencia é evidente no caso dos fogares rexidos por homes, pero tamén no caso dos grupos domésticos dirixidos por mulleres, fundamentalmente por viúvas. Así, por exemplo, na súa análise das vilas mariñeiras de O Grove, Bueu e Palmeira, Serrana Rial atópase con que as explotacións medias das xefas de fogar viúvas con máis de 40 anos aumentan significativamente de tamaño nas tres vilas, e tamén o fai a media de cabezas de gando por explotación³².

Incluso nos núcleos urbanos se pode observar dita tendencia, o que é perceptible no caso das mulleres propietarias. De este modo, a mediados del s. XVIII na cidade de Santiago de Compostela a distribución por estado civil das propietarias mostra unha clara maioría das mulleres viúvas (77,8%), destacando na distribución por idade un claro predominio (61%) daquelas mulleres xa maduras que teñen entre 40 e 60 anos³³.


No caso da cidade de Lugo, algo máis dun século despois, en 1860, séguese a observar como a medida que as mulleres teñen máis idade, vaise incrementando a porcentaxe de propietarias, ata acadar o punto máis elevado no tramo de 50-59 anos, para iniciar de novo o descenso³⁴.

³² Fonte: Gráficos de elaboración propia cos datos de S. Rial García, *Mujer y actividad económica...*, p. 214.

³³ S. Rial García, *opus. cit.*, p. 540.

³⁴ Sobre esta cuestión Cfr. O. Rey Castelao e H. Sobrado Correa, "Fiscalidad y actividades económicas femeninas...", *op. cit.*

Distribución por grupos de idade das mulleres "propietarias" en Lugo. 1860



Fonte: Elaboración propia. AHPL, Axuntamento, Padróns, Lib. 421.

3) Capacidade de traballo das persoas

A idade tamén contribúe a determinar a capacidade de traballar das persoas, e nese senso, actúa como unha variable que incide en relación co emprego feminino. Na Idade Moderna intentábase estirar o período de actividade laboral ata o máximo posible. O Catastro de Ensenada evidencia como a mediados do setecentos nun elevado número de casos os maiores de sesenta, e aínda de setenta anos seguían desempregando, na medida das súas capacidades, as antigas actividades ó fronte das explotacións, pois o cambio de patrucio en vida era raro, e aínda que lles pesaran os anos trataban de continuar controlando todos os resortes da *casa*.

En sociedades basicamente rurais como a galega, tradicionalmente tanto os homes como as mulleres entrados en anos seguían colaborando nos traballos agrícolas e domésticos da casa, desempregando moitas veces tarefas especificamente destinadas a eles, que contribuían a asegurar a supervivencia do grupo doméstico, así como garantir o seu propio sustento. Os membros máis vellos da familia ocúpanse de gardar os rabaños, de coidar a horta, de dar de comer ós animais domésticos, de confeccionar útiles e ferramentas, ou de outras moitas actividades que se axustan as súas posibilidades físicas. Os nenos e os vellos ocupábanse principalmente de coidar o gando. O refrán popular así o recorda: "o vello, vacas gardar e pouco durar". Ademais, si ben o peso do traballo feminino tendía a reducirse progresivamente coa idade, máxime si se contaba co relevo xeracional de fillas ou noras, sen embargo, as mulleres de avanzada idade continuaban colaborando en pequenos traballos do campo,

e sobre todo nas tarefas da casa³⁵. Así, nas labores de sega da herba, mentres que mozos e mozas a recollen e amorean, “as vellas angazaban”³⁶. Nas áreas nas que tiña certa importancia a viticultura tamén eran as mulleres, xunto cos nenos as que acostumaban a ocuparse das tarefas de vendima, e nas zonas do litoral colaboraban tecendo e reparando as redes, ou axudando nas tarefas de marisqueo. Eran, así mesmo, as mulleres e nenos fundamentalmente as que levaban a cabo as tarefas de salgado da sardiña, por medio do tradicional método do “escochado”³⁷. Igualmente eran as mulleres as que acudían a vender pequenos produtos as feiras e mercados.

As anciáns tamén cooperaban nas actividades auxiliares. Na Galicia do Antigo Réxime a artesanía téxtil do liño constituía unha actividade complementaria á agricultura, totalmente dispersa, que se desenrolaba fundamentalmente na esfera da economía familiar, e na que as mulleres da casa participaban en todos os procesos, tanto de preparación da fibra como de fiado do liño³⁸. Nas súas *Memorias políticas y económicas*, J. Larruga ó referirse as labores de fiado na provincia de Ourense di que “usan de esto a la continua algunas mujeres ancianas y otras que no pueden trabajar en cosas pesadas...”³⁹. Tampouco na obra de Prudencio Rovira: *El campesino gallego*, publicada en 1904, se esquece da facer referencia á tradicional escena das “vellas, fiando xunto o camiño”⁴⁰.

O complemento do traballo de todos os membros do fogar, desde os máis mozos ós máis vellos, era fundamental para a subsistencia do propio sistema agrario. Falando da compañía familiar, Rovira destaca como “los beneficios que esta solidaridad reporta a los campesinos son numerosos: multiplica la eficacia del trabajo empleado en labrar la tierra; aprovecha las aptitudes de todos, lo mismo la experiencia del anciano, que el esfuerzo del niño”⁴¹.

³⁵ S. Rial García, *El Trabajo de las mujeres del campo en la Galicia moderna*, AEIHM, 2005.

³⁶ J. Antonio Durán (ed.), *Clásicos Agrarios. Alfredo Vicenti. Prudencio Rovira. Nicolás Tenorio. Aldeas, Aldeanos y Labriegos en la Galicia tradicional*, Madrid, 1984, p. 254.

³⁷ J. García Lombardero e X. Carmona Badía, “Tradición e modernización nas pescarías galegas. Artes de pesca e organización da produción, séculos XVIII-XIX”, *Actas do Coloquio “Santo Graça” de Etnografía Marítima*, T. I, Póvoa de Varzim, 1985; F. López Capont, *El desarrollo industrial pesquero en el siglo XVIII. Los salazoneros catalanes llegan a Galicia*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998.

³⁸ S. Rial García, “Las mujeres, el trabajo y la familia en la Galicia moderna”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 12, 2003, (pp. 189-221), p. 206.


³⁹ J. Larruga, *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España*, Madrid, 1798, t. XI, II, memoria CLXXIX.

⁴⁰ J. Antonio Durán (ed.), *op. cit.*

⁴¹ J. Antonio Durán (ed.), *op. cit.*, p. 172.

Nas cidades, en xeral, para as mulleres era máis fácil desempregar algún oficio máis alá do ámbito doméstico. Aínda que se poden apreciar diferencias significativas entre os diferentes núcleos urbanos galegos. A taxa de ocupación feminina (salvo o caso de Tui) estaba entre o 20-30%, se ben a cidade de Pontevedra excedía ese índice.

Tasa de ocupación feminina (Total traballadoras/total mulleres). 1752



Pontevedra, Ourense e Betanzos eran a mediados do XVIII as cidades galegas cunha taxa de ocupación feminina máis elevada, en torno a unha de cada tres mulleres. En xeral, a actividade das mulleres descende coa idade, aínda que no caso de Betanzos, entre as viúvas, nos tramos de idade de 50-59 e 60-69 anos as mulleres que declaran un traballo remunerado son porcentualmente tantas como entre as máis mozas⁴².

Na primeira metade do século XIX o traballo asalariado feminino experimenta un notable aumento nas cidades galegas, a medida que progresivamente se van incorporando algúns dos elementos da sociedade industrial. Así, en Lugo o censo de 1860 mostra unha maior participación da muller no mercado de traballo, xa que o 79,9% das xefas de fogar aparecen declarando unha ocupación, ao que hai que engadir un total de 552 mulleres traballando como criadas. Dita tendencia ascendente entre 1752 e 1860 pódese observar así mesmo noutras cidades galegas, onde, en palabras de Serrana Rial: “el trabajo de las mujeres se erigió en una reserva inagotable de mano de obra, cada vez más visible como

⁴² S. Rial García, *Mujer y actividad económica...*, p. 402.

parte de la fuerza de trabajo asalariada⁴³. Aínda que en Galicia a realidade social e económica de mediados do XIX segue a ter grandes continuidades co mundo pre-industrial, lentamente camiñase cara a incorporación de elementos propios da sociedade industrial, o que, será aproveitado pola forza de traballo das mulleres, que terán un gran protagonismo no futuro desenvolvemento das industrias como a conserveira⁴⁴.

⁴³ S. Rial García, "Espacio urbano y trabajo femenino en la confluencia de las épocas moderna y contemporánea: Galicia, 1752-1860", en *XIII Coloquio Internacional de la AEIHM*, Barcelona, 2006.

⁴⁴ L. Muñoz, "Idade e sexo na mobilidade xeográfica e ocupacional: un caso de estudio na industria conserveira galega: Bueu (1870-1960)", *Congreso de Economía de Galicia*, IDEGA, Santiago de Compostela, 1998, pp. 607-624; J. Fernández Soutullo, "A Historia da industria conserveira nas Rías Baixas", *Aunios*, nº 2, 2000, pp. 11-13; X. Carmona Badía e J. Nadal, *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 2005.